



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Tojo Suárez
D. José Barreiro Somoza
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. Xulio Pardellas de Blas
D. José Carlos Cermeño Iglesias
D. Xosé Luís Legido Soto
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Mª Correa Otero
Dª Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Alvarez
D. Joel Fernández Soto
D. José Antonio Gómez Barbeito
Dª Mª do Carmo Henriques Salido
Dª Betty Mireya León Fong
D. Alfredo López Concepción
D. Manuel López Iglesias
Dª Mª del Pilar López Vidal
D. Carlos Mollinedo Lois
Dª Camino Noia Campos
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
D. Emilio José González
D. Mariano P-Mnez. e P-Amor
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. José Angel Sampayo Fernández
D. Fco. Xavier Santos Rodríguez
D. José Manuel Santos Suárez
D. Ricardo Varela Caride
D. Fco. José Vázquez Núñez
Dª Mª Teresa Viñas Gil
D. Horacio A. Villar Suárez (CIG)

ESCUSAN A SÚA ASISTENCIA

D. José Angel Vázquez Barquero
D. Francisco Tugores Martorell

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o vintedous de febreiro de mil novecentos noventa e seis, ás 10.00 horas, no Salón de Actos da Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 22 de febreiro de 1996**, ás 10.45 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata--los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior.
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de Profesorado: Transformacións e Permisos.
- 4º.- Aprobación, se procede, de nomeamento de Doutor Honoris Causa de D. José Filgueira Valverde (Fac. Humanidades) e D. Gregorio Peces Barba (Fac. Dereito).
- 5º.- Proposta de membros de Xunta de Goberno: Extensión dos efectos económicos derivados da aprobación da RPT (Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servicios) ó persoal laboral en postos de administración dende o día 01.01.95.
- 6º.- Aprobación, se procede, de Normativa de Cursos complementarios.
- 7º.- Aprobación, se procede, de convocatoria de axudas para actividades de "Dinamización cultural"
- 8º.- Aprobación, se procede, de sinatura de convenios coas Universidades de Deusto, Politécnica de Cataluña e Politécnica de Madrid, baseándose no Acordo-marco de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno do 22.12.95
- 9º.- Supresión, se procede, de Materias-chave no plano de estudos da titulación de Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión.
- 10º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno de Centros.
- 11º.- Modificación, se procede, das datas de Revalidacións aprobadas en Xunta de Goberno do 30-04-92.
- 12º.- Supresión, se procede, do sábado como día de rexistro.
- 13º.- Rogos e preguntas.

Presidiu a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez e actuou como Secretario, o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbase a Acta da sesión do 25.01.96, coas modificacións que se reflecten na redacción definitiva.

Antes de pasar o primeiro punto da Orde do día, respóndense as preguntas expostas na xuntanza anterior.

-De D. Enrique Barreiro Alonso:

.-Contesta o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco, que está en curso o plano integral de telefonía que completa a mesma en tódolos Campus e Centros.

.-O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, que a rede de datos se tratará de conectar vía radio-enlace xa que hai problemas vía telefónica; así mesmo estase buscando un interlocutor do SETEI no Campus de Ourense.

-De D^a M^a do Carmo Henriques Salido:

.-Contesta o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, relativo ó expediente aberto contra D. Mario Iglesias que está en trámite de consideracións e no seu momento será informada esta Xunta de Goberno; no relativo á celebración da festividade de San Tomé de Aquino, buscouse unha persoa de prestixio como conferenciante; sobre o Servicio de Publicacións estase a traballar pero hai que comprender que produciuse un cambio de director en data recente; acerca do Servicio de Normalización Lingüística, que ese é o nome do servicio que figura nos Estatutos e non o Servicio de Traducción Español-Galego.

.-O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, expón que non estaba no seu ánimo viola-la súa honra e dereito á intimidade persoal e que na súa intención estaba aclarar por que se rexeitou a súa petición no Vicerrectorado de Investigación.

.-O Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto, contéstalle á súa pregunta relativa ó uso do galego que aqueles textos literais que queiran figurar en acta e se estime que non están nun galego correcto, figurarán como anexo e que a decisión de cal é o galego correcto a tomará o Secretario Xeral co v. e pr. do Sr. Rector.

-De D. Horario A. Villar Suárez:

.-O Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza, contesta sobre os planos de urbanización dos campus que o avance dos mesmos pasou pola Comisión e que estiveron expostos a tódolos membros da Comunidade universitaria para alegacións; e os definitivos fanse a través do Concello e a COTOP.

.-O Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto, contesta sobre o listado de Obxectores de conciencia lamentando a súa demora e que xa se enviou indicando os nomes e os seus destinos; relativo os gastos das invitacións, di que estes non son excesivamente elevados aínda que debe manterse unhas certas formas, xa que é unha imaxe da Universidade cara ó exterior.

.-O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, contéstalle á pregunta sobre a Mesa Sectorial dicindo que enviou o escrito de acordo coa disposición adicional segunda dos Estatutos.

-De D. Guillermo de Oca Cancela:

.- O Xerente, D. José Carlos Cermeño Iglesias, dicindo que sobre os cursos dirixidos ó Persoal de Administración e Servicios está elaborado un calendario para o 1º semestre do ano 1996.

.-O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, contesta que é factible a asistencia do Persoal de Laboratorio ós cursos de 3º Ciclo mentres estean matriculados neles e non sexa incompatible co seu horario.

-De D. Jose Veiro García:

.-O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez dicindo que o Arquitecto-asesor resolve todos aqueles proxectos, informes e asesoramento de moi distinto tipo que precisa a Universidade e a súa

situación regularizárase ó longo deste ano.

No **punto 2**, antes de comeza-lo informe, o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez pide a adhesión da Universidade de Vigo ós actos de condena e rexeite, así como manifesta-la condolencia á familia, polo asasinato do Catedrático de Dereito da Universidade Autónoma de Madrid, profesor Francisco Tomás y Valiente e repeti-los 5 minutos de silencio o vindeiro luns 26 de febreiro de 1996, ás 12 h.

Apróbase por unanimidade.

O Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza, explicou a situación do plano de reforestación do campus de Lagoas-Marcosende, subliñando que é imprescindible defini-lo plano especial de equipamento e infraestrutura para saber que especie de árbore ten que ir en cada zona, dependendo da utilidade que se lle dea a cada unha das mesmas. O Vicerrector sinalou que a Universidade non pode reforestar pola súa conta nin facer unha plantación indiscriminada antes de aproba-lo plano no Concello, de tódolos xeitos, os arquitectos encargados da elaboración do proxecto están estudando a posibilidade de destinar unha zona para a plantacións dos castiñeiros que propón o grupo ecoloxista GABITA.

O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, informa:

- sobre a participación dos alumnos nas Eleccións de Representantes ó Claustro Universitario, e di que a participación foi semellante á convocatoria anterior, en torno ó 13%;
- tamén informou da oferta para a adquisición de ordenadores que puxo en marcha a Universidade de Vigo xunto coa empresa Fujitsu España, S.A. e co Banco de Galicia, destinada tanto a Alumnos, Profesores e Persoal de Administración e Servicios;
- da edición dunha guía de hoteis que se pon a disposición de membros dos Tribunais que teñen que xulga-las prazas de profesores;
- da situación na que se encontra o nomeamento do Presidente do Consello Social, indicando que fará unha nova xestión para o nomeamento do mesmo, aínda que este depende exclusivamente da Xunta de Galicia; indica que esta demora prexudica notablemente ó funcionamento na Universidade de Vigo;
- de que o nomeamento actual do Xerente da Universidade de Vigo é correcto, habéndose pedido no seu día a preceptiva Comisión de servicio ó Ministerio de Traballo e que se segue o trámite para o seu nomeamento definitivo;
- de que se está a traballar para dotar á Universidade de Vigo dun seguro multirisco e de responsabilidade civil.

No **punto 3**, Asuntos de Profesorado, apróbase a transformación das seguintes prazas:

D03	573	Fernández Rodríguez, Aurea	de PP1 a TIT-UN(I)
D04	345	Martín Lucas, M ^a Belén	de PP1 a PP2
D20	515	Diéguez Quintas, José Luis	de PP1 a TIT-EU(I)
D22	065	Porto Arceo, Enrique	de TIT-UN T a TIT-UN P6

Apróbase a concesión de permisos ós profesores D. Fernando Aguado Agelet, do 01.02.96 ó 31.05.96 (solicitado ata 30.04.96 máis unha prórroga de 1 mes) e D^a M^a Luisa Castro Cerceda, do 01.02.96 ó 30.04.96.

No **punto 4**, Nomeamento de Doutor Honoris Causa, presenta a proposta de D. Xosé Filguera Valverde a Directora do Departamento de Filoloxía Galega e madriña do mesmo, D^a Camino Noia Campos, facendo unha louvanza do perfil do mesmo, así como a importancia que tivo na cultura galega.

Apróbase por unanimidade.

Presenta ó outro Doutor Honoris Causa, D. Gregorio Peces Barba, en representación do seu padriño, Decano da Facultade de Dereito de Ourense, D. Luis Rodríguez Ennes, D. Jaime Cabeza Pereiro, que destaca a vencellamento do actual Rector da Universidade Carlos III coa Facultade de Dereito da Universidade de Vigo.

Apróbase por unanimidade.

D^a Camino Noia Campos pregunta se é certa a información de que o custo dos Doutores Honoris Causa é de 6 millóns de pesetas, o que lle parece excesivo.

Contéstalle o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto, que esa información non é correcta, xa quea dotación de 6 millóns do proxecto de orzamento para o ano 1996, é para tódolos actos que se celebrarán durante o ano e que o que levará a maior parte da dotación é a apertura conxunta das 3 Universidades que se celebrará na de Vigo, no mes de setembro.

O **punto 5**, expón o problema relativo a discriminación que sofre o persoal laboral eventual que ocupa postos de persoal funcionario a nivel salarios, D. Cándido Pérez Betanzos.

O Xerente, D. José Carlos Cermeño Iglesias, explica que este tema debe estar contemplado no convenio e que o último asinado solo ten vixencia para o ano 1994.

Establécese un debate no que diversos membros da Xunta de Goberno indican que no Regulamento do Persoal de Administración e Servicios, no seu punto 15, xa figura que o persoal laboral que ocupa postos de persoal funcionario terá o mesmo salario, polo que só sería face-la extensión dos efectos económicos ó día 1-1-95.

Fanse dúas propostas: unha de delegar no Xerente para que arranxe o tema co Comité de Persoal e outra de D. Cándido Pérez Betanzos para traslada-lo punto ó final da Xunta de Goberno e que mentres se arranxe o tema.

Faise a votación co seguinte resultado:

-Delegación no Xerente:	12 votos
-Deixalo para o final:	9 votos
-abstencións:	3

Apróbase a delegación no Xerente para a "extensión dos efectos económicos da aprobación da RPT (Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servicios) ó persoal laboral en postos de administración dende o día 01-01-95".

Conste en acta de D. Horacio A. Villar Suárez que "protesta polo posición que toma a Xunta de Goberno cando existe un Regulamento elaborado polo Claustro Universitario".

D. Luis Pérez Gómez protesta polo decisión tomada xa que el, como membro do Comité de Empresa, non entende porque non se pode arranxa-lo problema en Xunta de Goberno estando o Xerente presente.

No **punto 6**, Normativa de Cursos complementario, presenta o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas.

Tamén a profesora, D^a Margarita Estévez Toranzo que indica que tense que facer algunhas modificacións, artigo 1.1. Apróbase.

O Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas, di que non existe a Comisión do punto XIII.3; retírase.

Apróbase a Normativa de Cursos complementarios (anexo I).

No **punto 7**, Convocatoria de axudas para actividades de "Dinamización cultural" o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas.

Apróbase a Convocatoria de axudas para actividades de "Dinamización cultural" (anexo II).

No **punto 8**, Sinatura de convenios coas Universidades de Deusto, Politécnica de Cataluña e Politécnica de Madrid, presenta o punto o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas.

Apróbase a sinatura de convenios coas Universidades de Deusto, Politécnica de Cataluña e Politécnica de Madrid, baseándose no Acordo-marco de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno do 22-12-95.

O **punto 9**, retírase.

No **punto 10**, Regulamento de Réxime Interno de Centro, presenta o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto.

D. Horacio A. Villar Suárez pide que sexa sometido a un período de emendas, xa que considera que moitos aspectos tratados nel son de tipo político.

Acéptase a proposta e acórdase dar un prazo ata o 12 de marzo de 1996 para presentar alegacións ó Regulamento de Réxime Interno de Centros.

No **punto 11**, Modificación de datas de Revalidación, apróbase a mesma, quedando as datas de Revalidacións:

1º.- Solicitudes presentadas antes do 15 de outubro, resolveranse antes do 15 de novembro.

2º.- Solicitudes presentadas antes do 15 de marzo, resolveranse antes do 15 de abril.

No **punto 12**, Supresión do sábado como día de rexistro, faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor de suprimilo:	12 votos
-a favor de mantelo:	2
-abstencións:	6

Apróbase a supresión dos sábados como día de Rexistro na Universidade de Vigo, polo que tódalas convocatorias desta nas que o prazo de presentación de documentos finalice un sábado,

pasará ó seguinte día hábil.

No **punto 13**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. ALFREDO LÓPEZ CONCEPCIÓN.-

1ª.- Na campaña electoral para elixir representantes de Alumnos no Claustro desta Universidade, acusaron a representantes de Alumnos de Torrecedeira de usar teléfonos móbiles pagados pola Universidade e de formar parte do Equipo ou Grupo de adxuntos co que conta o seu Equipo.

Por todo iso solicito, solicito un desmentido oficial ante esta Xunta de Goberno de ámbalas dúas imputacións como parte implicada nesta historia que aínda vindo de quen ven, merecía un desmentido contundente por parte da Universidade tal como fixeron no seu momento a Delegación de Alumnos da E.U. de Estudos Empresariais, Membros do Claustro, de Xunta de Goberno, do Consello Social e, incluso, o representante da Plataforma de Asociacións da Universidade de Vigo (*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, desmenteo*)

2ª.- Coa mesma pido se investigue a festa realizada na Facultade de Ciencias onde supostamente foron inxeridas drogas, se lle pida un informe ó Decano desta Facultade, e se el autorizou dita festa, se tiña coñecemento dela, que a organizou, etc.

3ª.- Solicito tamén que se recompile información na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais se determinada candidatura financiou centos de trípticos co seu programa electoral a cargo do orzamento da Delegación de Alumnos.

4ª.- Tamén gustaríame que me entregaran unha lista co nome de tódolos bolseiros de apoio á docencia e de bolseiros que coidan de salas de ordenadores ou laboratorios para demostrar que ós que se lles acusa de gozar destas bolsas non as teñen e paradoxalmente quen as acusa de contratos-basura, disfrutan delas. Ó ser públicas, non coido que teñan ningún problema en facilitalas.

5ª.- Tamén gustaríame que os responsables que lles corresponda remitan, cando menos, a esta Xunta de Goberno un informe detallado do fracaso académico na Universidade de Vigo e as medidas, ó seu xuízo, que se deban tomar. Para iso, gustaríame, Sr. Rector, que se comprometese nesta Xunta de Goberno, a entregalo antes do remate do curso 95-96.

6ª.- Gustaríanos saber tamén que sucede coas enquisas da avaliación docente do ano pasado, cando estarán á disposición da Comunidade Universitaria tal como marcan os Estatutos.

7ª.- Gustaríanos ter tamén valoracións pormenorizadas dos resultados dos Proxectos de Innovación Educativa.

8ª.- Tamén queremos saber cal é o nivel de cumprimento por parte das Delegacións de Alumnos das directrices para elabora-los seus estatutos e que medidas se tomaron para que se cumprisen e que se fixo coas Delegacións de Alumnos que non as cumpriron.

9ª.- Por último, solicitar información de cantas asociacións existen na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (con sede ou non nelas), cantas teñen local asignado e que local é (aula, despacho, Delegación de Alumnos, Decanato, etc.) para cada asociación.

-Dª MARGARITA ESTÉVEZ TORANZO.- Pregunta cando estarán as enquisas de avaliación do profesorado do ano 94-95.

-D. EMILIO JOSÉ PÉREZ GONZÁLEZ.- Pide que se fagan máis copias dos Estatutos.

-D. **FRANCISCO JAVIER SANTOS RODRÍGUEZ.**- Pregunta cando vaise face-lo traslado dos laboratorios da Facultade de Ciencias ó novo Edificio.

-D. **HORACIO A. VILLAR SUÁREZ.**- Presenta un escrito que figura como anexo III á acta.
 -Pide que se habiliten locais dignos para os representantes das Centrais Sindicais.
 -Roga que cumpran as súas funcións os membros da Xunta de Goberno.
 -Roga que se faga un debate na Xunta de Goberno, sobre a conveniencia ou non de mante-lo convenio de obxección de conciencia.

-D. **CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS.**-

-¿Cando se aplicará o segundo parágrafo do artigo 15 do Regulamento de Persoal de Administración e Servicios, relativo a igualdade no salario que debe percibi-lo persoal que ocupa postos de funcionarios de administración, con independencia da súa relación laboral ou funcional.

-¿Porque, neste caso non se procedeu de oficio dando cumprimento a un Regulamento aprobado polo Claustro?

-O Sr. Rector comprometeuse a remitir á Xunta de Persoal Funcionario e ó Comité de Empresa os informe xurídicos relativos á capacidade da Xunta de Goberno para modifica-lo pactado entre a Xerencia (en representación da Universidade de Vigo) e os representantes do persoal, ¿cando llos fará chegar?

-Rogo que se lle remita a tódolos membros do Persoal de Administración e Servicios unha copia do Regulamento do mesmo, aprobado polo Claustro na súa sesión de 22 e 27 de novembro de 1995.

-Rogo o Equipo de Goberno que cando considere pertinente negociar un asunto que deba ser tratado en Xunta de Goberno a petición dos seus membros, convoque ós asinantes antes da celebración da sesión, pois pode ser entendido como unha desconsideración e un dilación inxustificada por parte dos funcionarios.

-D. **GUILLERMO DE OCA CANCELA.**- Roga que non se exclúa ó Persoal de Administración e Servicios destinado nos laboratorios da Universidade da posibilidade de realiza-los cursos que organiza o Vicerrectorado de Investigación. Nos folletos de inscrición de ditos cursos pon que van dirixidos a profesores e alumnos de 3º ciclo. Aínda que o Persoal de Administración e Servicios dispón de consignación orzamentaria para os seus propios cursos de formación, ó tratarse estes de temas moi específicos (técnicas de absorción atómica, microscopía electrónica, etc.), non parece moi lóxico a duplicidade dos mesmos. Ademais, isto non significaría incremento de custos de ningún tipo, xa que a matrícula a para cada asistente.

-D. **JOSÉ ANGEL SAMPAYO FERNÁNDEZ.**- Pide:

1º- un listado de teléfonos móbiles da Universidade de Vigo e que son os seus usuarios;

2º- un listado de coches oficiais da Universidade de Vigo e que son os seus usuarios;

3º- o proxecto de remodelación do Salón de Actos da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB de Ourense.

Pregunta como é posible que exista unha materia con dous códigos na mesma titulación: unha como troncal e outra como de libre elección. Pide que se quiten as materias-chave.

-D. **JOSÉ ANTONIO GÓMEZ BARBEITO.**- Pregunta para cando se pensa remata-la primeira fase da rede na Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial.

-D. **ANTÓN FERNÁNDEZ ALVAREZ.**- Presenta un escrito que figura como anexo IV á acta.

-D^a M^a **PILAR LÓPEZ VIDAL**.- Roga que se comuniquen as datas da selectividade con moita más antelación para que naqueles centros onde se celebren as probas, se poida face-lo calendario de exames.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15.15 h. do día 22 de febreiro de 1996, da que eu como Secretario dou fe, co v^o e praxe do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luis Legido Soto